

**POSIBLES IDEAS PARA  
UNHA HOMILÍA CON NENOS  
08 DECEMBRO 2019**

## **Nacerá na Inocencia INMACULADA**

### **1. Ver: Preparando o Nadal.**

-Falta un pouco menos para o Nadal, seguro que estades ambientando e preparando cousas no cole, na casa, cos amigos... ***Que estades facendo?***

-En Advento recordamos a 4 personaxes que prepararon moi ben o Nadal: Isaías, Xoán Bautista, María e Xosé.

-Este ano o 2º domingo coincide coa celebración de María á que damos o nome da Inmaculada Concepción, moi celebrada en toda España.

***Que sabedes de María?  
Coñeces algunha oración para rezarlle?***

### **2. XULGAR: Xesús nacerá na Inocencia Inmaculada.**

-No evanxeo deste domingo da Inmaculada Concepción, nárrese o anuncio do anxo Gabriel a María pedíndolle que acepte o plan de Deus sobre ela. Ela respondeu: ***“Aquí está a escrava do Señor; fágase en min segundo a túa palabra”***... E co seu si converteuse na ***“chea de graza, o Señor está contigo”***.

### **QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

-***Ás veces dicimos NON ás propostas que nos fai Deus:*** non cumprimos a súa vontade, deixámonos levar polo fácil ou polo que nos gusta e dicimos NON ao que os mandamentos nos piden.

- Dicir non a Deus é pecar:** dicimos non a Deus, aos irmáns que nos necesitan, destruímonos a nós mesmos. Recordade o NON de Adán e Eva (1ª lectura): *“ela ofreceume do froito e comín”*.
- Os cristiáns temos o exemplo de María, a muller Inmaculada** (“sen mancha”), a chea de inocencia, a totalmente fiel a Deus, a que sempre lle deu un Si grande. *“Fágase en min segundo a túa Palabra”*. Por iso é a chea de graza, a santa, a chea de Deus: *“chea de graza, o Señor está contigo”*.
- Xesús pídenos** no Advento que lle deamos un Si enorme, é dicir que nos **CONVERTAMOS**, que cambiemos, para facerlle oco a Deus. Que temos que cambiar- limpar na nosa vida para que entre Xesús?

***Que temos que cambiar- limpar nas nosa vida para que entre Xesús?***

### **3. ACTUAR: Di si, convértete a Xesús.**

- Nesta semana intentamos que o noso **Si sexa como o de María** nas pequenas cousas (deber, traballo, relacións cos outros, oración...) e no extraordinario (como María ao pé da cruz...).
- Podemos **representar a escena da Anunciación**, o evanxeo de hoxe? Abonda con buscar uns vestidos para a Virxe e o anxo.
- No cartel de Fano** para Advento colocamos recortada a 2ª letra, o “I” da portada. No domingo pasado poñiamos a “V”.
- Continuamos acendendo as candeas da **coroa de Advento**: o domingo anterior acendemos a candeas da oración, nesta acendemos tamén a candeas da conversión para estar limpos de pecado e enchernos de Deus como María.
- Preparámonos para a celebración comunitaria do perdón**, para seguir renovando, convertendo, enchéndonos de graza

***Que imos facer?***

## A PALABRA

**XÉNESE 3, 9-15. 20:** *Poño hostilidade entre a túa Descendencia e a descendencia da muller.*

Despois de comer Adán da árbore, o Señor Deus chamouno e díxolle: - «Onde estás? » El contestou: - «Oín o teu ruído no xardín, deume medo, porque estaba espido, e escondinme».

O Señor Deus replicoulle: - «Quen che informou de que estabas espido?, é que comiches da árbore do que che prohibín comer?» Adán respondeulle: - «A muller que me deches como compañeira ofreceume do froito e comín».

O Señor díxolle á muller: - «Que fixeches?» A muller respondeulle: - «A serpe seducíume e comín».

O Señor Deus díxolle á serpe: - «Por facer iso, maldita ti entre todo o gando e todas as feras do campo; arrastraraste sobre o ventre e comerás po toda a túa vida; poño hostilidade entre ti e a muller, entre a túa descendencia e a súa descendencia; esta esmagarache a cabeza cando ti a firas no talón».

Adán chamou á súa muller Eva, por ser a nai de todos os que viven.

*Palabra do Señor.*

**SAL. 97:**

***R/ Cantade ao Señor un cántico novo, porque fixo marabillas.***

**EFESIOS 1, 3-6. 11-12:** *Deus elixiunos en Cristo, antes da fundación do mundo.*

**LUCAS 1, 26-38: Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.**

**NARRADOR:** Naquel tempo, o anxo Gabriel foi enviado por Deus a unha cidade de Galilea chamada Nazaré, a unha virxe desposada cun home chamado Xosé, da casa de David; o nome da virxe era María. O anxo, entrando na súa presenza, díxolle:

**ANXO:** -«**Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo**».

**NARRADOR:** Ela turbouse grandemente ante estas palabras e preguntábase que saúdo era aquel. O anxo díxolle:

**ANXO:** -«Non temas, María, porque atopaches graza ante Deus. Concibirás no teu ventre e darás a luz un fillo, e poñeraslle por nome Xesús. Será grande, chamarase Fillo do Altísimo, o Señor Deus daralle o trono de David, o seu pai; reinará sobre a casa de Xacob para sempre, e o seu reino non terá fin».

**NARRADOR:** E María díxolle ao anxo:

**MARÍA:** - «Como será iso, pois non coñezo varón?»

**NARRADOR:** O anxo contestoulle:

**ANXO:** -«O Espírito Santo virá sobre ti, e a forza do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o Santo que vai nacer chamarase Fillo de Deus. Tamén a túa parente Sabela concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaba estéril, “porque para Deus nada hai imposible?”.

**NARRADOR:** María contestoulle:

**MARÍA:** -«**Aquí está a escrava do Señor; fágase en min segundo a túa palabra**». E deixouna o anxo.

*Palabra do Señor.*

*(Narrador - Anxo - María).*